

### **III PREMIO DE INVESTIGACIÓN SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E DAS PEREGRINACIÓN S - 2020**

Co obxectivo de fomentar o coñecemento histórico e actual do Camiño de Santiago e das Peregrinacións, así como a promoción e difusión dos valores a eles asociados nas súas diferentes facianas, cumprindo deste xeito cos fins para os que foi creada, a Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC convoca os **III Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións** coas seguintes

#### **BASES**

##### **1.- DESTINATARIOS/AS**

Poderán presentarse a estes premios todos/as os/as investigadores/as nacionais ou estranxeiros/as que teñan publicado durante o derradeiro ano 2019 un traballo en formato de libro, ou defendido unha tese de doutoramento, que tivera como tema de estudo o Camiño de Santiago ou as Peregrinacións baixo diversos aspectos (históricos, culturais, xeográficos, turísticos...).

É condición inescusable para seren aceptados a consideración polo xurado, que o traballo non teña obtido ningún premio anteriormente.

Ase mesmo, é condición que os candidatos non obtiveran este premio nas anteriores convocatorias feitas por esta Cátedra.

##### **2.- PREMIO**

Outorgarase un único premio en metálico de 1.000 € para libros publicados con ISBN e teses de doutoramento inéditas, que irá acompañado dun diploma acreditativo.

Poderán presentarse en calquera idioma, pero de vir noutro diferente ás linguas oficiais da USC, deberán estar acompañados dun resumen de 5.000 palabras en castelán ou inglés.

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados acada un nivel axeitado, poderase declarar o premio deserto. O importe do premio repartirase en partes iguais no caso de resultar gañadoras varias persoas.

O pagamento realizarase por transferencia bancaria, aplicándose ao importe do premio as retencións legais pertinentes (IRPF).

### 3.- SOLICITUDES

As persoas interesadas en participar no presente premio deberán presentar un exemplar do libro, con ISBN, ou a Tese de Doutoramento, nun sobre ou paquete pechado, rotulado no seu anverso do seguinte xeito:

*III Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e as Peregrinacións;* Facultade de Xeografía e Historia & Cátedra do Camiño e as Peregrinacións; Rexistro Xeral da USC, Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15.782, Santiago de Compostela; ou Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo; ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O traballo virá acompañado de:

- Impreso de solicitude segundo o modelo que se recolle como anexo a esta convocatoria.
- Copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte (salvo estudantes, profesores e investigadores da USC).
- Certificación académica coa calificación no caso da tese de doutoramento, agás que fóra defendida na USC.
- Un resumo do traballo de máximo 5.000 palabras en castelán ou inglés.
- Declaración escrita de que o libro ou tese de doutoramento no obtivo ningún premio anteriormente.
- Autorización escrita á Cátedra do Camiño da USC para someter o traballo a programas antiplaxio. Para esta comprobación deberán tamén enviar o traballo por correo electrónico en formato PDF á dirección da cátedra: [catedra.caminodesantiago@usc.es](mailto:catedra.caminodesantiago@usc.es)

Nos días seguintes ó remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase una lista provisoria de solicitantes. Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Unha vez publicada a resolución do xurado, os/as concursantes poderán recuperar a documentación presentada durante os seguintes tres meses. Trancorridos tres meses sen que fóra solicitada será destruída.

No caso das teses de doutoramento premiadas, a Dirección da Cátedra resérvase o dereito de publicación, previa autorización do autor.

**Prazo:**

O prazo de presentación abrirase ó día seguinte da publicación da presente convocatoria no taboleiro electrónico da USC e pecharase sesenta días naturais despois.

**4.- RESOLUCIÓN**

O xurado do presente premio estará formado polo Director da Cátedra, os dous co-directores da Cátedra e, si se estima oportuno, por ate dous asesores designados polo Director da Cátedra en función da lingua na que se presenten os textos.

O xurado valorará:

- A orixinalidade do traballo (25%).
- As novidades das súas aportacións ó coñecemento dos temas estudados (25%).
- A actualidade e calidade da súa metodoloxía (25%).
- A bibliografía citada (10%).
- As cualidades formais dos textos: calidade da redacción, xeito de presentar e estruturar a información e calidade do aparato gráfico, caso de existir (15%).

O fallo do xurado farase público e a entrega do III Premio de Investigación sobre o Camiño de Santiago e das Peregrinacións do ano 2020 será feita polos responsables da Cátedra en acto público no auditorio da devandita institución.

O xurado poderá realizar unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos da propiedade intelectual. A partir desa análise, se o xurado observa que se vulneraron os citados dereitos desestimaré o traballo presentado sen prexuízo da responsabilidade en que se poda incurrir.

Todos os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro electrónico da USC e na páxina web da Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións <http://www.catedradelcaminodesantiago.com>.

A participación no concurso implica necesariamente o acatamento do que se expón nestas bases.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2020.

O REITOR,  
(por delegación de competencias, RR. do 20/06/2018, O Vicerreitor de Planificación e Proxección Estratéxica)

**DATOS PERSOAIS**

Nome:	Apelidos:	
D.N.I./C.I.F./Pasaporte, nº:	Correo electrónico:	Teléfono:
Alumno/a de (no seu caso):		

**MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN<sup>(\*)</sup>**

- Mediante comparecencia en Sede Electrónica.  
 Correo postal:

Dirección:			
Localidade:	Provincia:	Código postal:	País:

**EXPÓN QUE:**

Acompáñanse os seguintes documentos:

---



---

**SOLICITA:**

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(Sinatura)

Sr./a. \_\_\_\_\_

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos serán incorporados no tratamento denominado "Registro de documentos", cuxa finalidade é ter constancia dos asentos de entrada e saída de documentos dos rexistros xerais e auxiliares ou Oficinas de asistencia da Universidade de Santiago de Compostela.

O responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral da USC, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro, s/n, 15782- Santiago de Compostela, mail: [sec.xeral@usc.es](mailto:sec.xeral@usc.es), teléfono 881811009.

O Delegado de Protección de Datos é José Julio Fernández Rodríguez, [dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es)

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións públicas administrativas correspondentes á prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través de Sede Electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** GUIMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE PLANIFICACION E PROXECCION ESTRATEXICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/02/2020 13:29:11.

**CSV:** 3F88-B08F-4C00-9855